



SAL . 003738 15.04.16 12:46

## INSTRUCCIÓN 2/2016 DA SECRETARÍA XERAL, POLA QUE SE ESTABECE UNHA DATA LÍMITE PARA O ENVÍO DAS ACTAS CONSOLIDADAS DOS TFG E TFM

Na recente aprobación do calendario académico para o curso 2016/2017 non se estableceu unha data límite para o envío das actas consolidadas referidas aos TFG e TFM. Tampouco no calendario actual figura unha data límite para a entrega destas actas.

Tanto os sistemas de calidade como a determinación das notas medias das promocións fan necesario establecer unha data límite para a recepción das citadas actas consolidadas.

Para estes efectos só existe unha data límite para a sinatura e o envío das actas individualizadas dos TFG e TFM, isto é, o 30 de setembro, e para evitar os posibles trastornos que poda producir a inexistencia dun límite específico para o envío das actas consolidadas, dende esta Secretaría Xeral procede ditar a seguinte **INSTRUCCIÓN**:

**Primeiro.-** Establécese como data límite para asinar as actas consolidadas de TFG e TFM para os cursos 2015/2016 e 2016/2017, o día 10 de outubro.

**Segundo.-** O centro respectivo no suposto dos TFG, ou o coordinador/a do respectivo máster no suposto dos TFM, por causas excepcionais que impidan o envío das actas consolidadas na data establecida no punto anterior, poderán solicitar á Secretaría Xeral a adaptación da mesma. Esta adaptación deberá ser autorizada pola Secretaría Xeral, sempre e cando exista, ao seu xuízo, unha causa razoable e excepcional para a mesma.

**Terceiro.-** A recepción destas actas nas UUXA terá carácter urxente e preferente.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2016



A Secretaria Xeral

Consuelo Ferreiro Regueiro